

LETRAS
2008



BIBLIOTECA
O segredo
do Penedo

XINCANA

CULTURAL

CONSIGNA PARA IR AO SEGUINTE POSTO DE CONTROL

SE O ENIGMA RESOLVES AGORA
PASARÁS XA Á SEGUNDA PROBA

PROBA Nº 1

Que autor se agocha detrás da última entrada de “O Segrel”?



O Segrel do Penedo
BLOG DA BIBLIOTECA DO IES DE FENE

MARTES 8 DE ABRIL DE 2008

 **Uns Encontros para Encontrarnos!! (I)**

De volta dos Encontros do Plambe, celebrados o xoves e o venres pasados en Sanxenxo, foi necesaria a fin de semana para relaxarnos despois de dúas xornadas tan intensas.

Foron uns encontros, como moi ben os definiu Pilar Sampedro, para encontrarnos. Para encontrarnos coas amizades (algúns, a pesares de non estar presentes, tampou faltaron a esa cita. Estiveron de moi diversas formas, e sempre no noso pensamento) e para poñer cara aos que ata agora eran só uns nomes, máis cantos faltan aínda!!



Coñecémonos todos os responsables da zona de Ferrol, mesmo temos organizada algunha xuntanza da que sen dúbida xurdirán moitas e boas ideas. Os traballos colaborativos, xa se sabe, sempre son moitísimo máis ricos e enriquecedores!!

E que dicir do fantástico [programa](#) organizado polas nosas xefas?

A inauguración correu a cargo da Directora Xeral M^a José Pérez Mariño quen nos dou o que nos diarios sería un gran titular “**A vosa figura estará recoñecida no ROC**”. Eu simplemente



SE CHE GUSTA O NOSO
BLOGUE, Preme na imaxe



Alvarellos Casas, Henrique : Galicia en cen prodixios

NOME DO EQUIPO: _ _ _ _ _

CONSIGNA PARA IR AO SEGUINTE POSTO DE CONTROL

ESTA PROBA NON TERÁ DIFICULTADE
SE XUNTOS A INTENTADES...

PROBA Nº 2

Problema de estratexia...

Rosa ten o triple de libros de Álvarez Blázquez que Manuel.
Se cada un comprase un libro, Rosa tería o dobre.
Cantos libros deste autor, a quen se lle adica este ano o Día das
Letras Galegas, ten cada un?



Rosa 1

Manuel 3

NOME DO EQUIPO: _____

CONSIGNA PARA IR AO SEGUINTE POSTO DE CONTROL

A ESTA PROBA ATOPAREDES A SOLUCIÓN
SE NO SEU DÍA ATENDESTES Á EXPLICACIÓN

PROBA Nº 3

Tes que atopar nos fondos da nosa biblioteca un libro que responde á seguinte pista

869.9-X
FER
air



Autor e título do libro:

_ **Fernández Paz, Agustín: Aire Negro** _ _ _ _ _

Na páxina 43 fálanos dun monte do que debes pescudar:

Nome: _ **Monte de Sta. Tegra** _ _ _ _ _

Localidade á que pertence: _ **A Guarda** _ _ _ _ _

Construcións que predominan na zona: _ **Castros** _ _ _ _

Orixe e estilo desas construcións: _ **Romanización - Celta** _

Nome dalgunha construción semellante na que Álvarez Blázquez traballou _ _ **Castro de Vigo** _ _ _ _ _

NOME DO EQUIPO: _ _ _ _ _

CONSIGNA PARA IR AO SEGUINTE POSTO DE CONTROL

A SOLUCIÓN A ESTA PROBA
ATOPARÉDELA SEN DEMORA

PROBA Nº 4

No concello onde naceu Xosé M^a
Álvarez Blázquez está o Monte e
Parque Natural máis antigo de
Galicia.

Debedes indagar cal é o nome
dese Monte e Parque Natural e o
do Concello onde se atopa.



Monte Aloia
Concello de Tui

CONSIGNA PARA IR AO SEGUINTE POSTO DE CONTROL

SE BUSCADES NA REDE
A RESPOSTA ATOPAREDES

PROBA Nº 5



Ao leste das illas Salomón, no medio do Océano Pacífico, hai unhas illas, na actualidade pertencentes a Francia, que foron descubertas por un mariño e explorador galego.

Á morte do mariño, o retorno da expedición fíxose baixo o mando da súa dona que, despois de pasar moitas dificultades logrou chegar cos barcos a Filipinas.

Quen era esta valente muller?

Dna. Isabel Barretos

D. Álvaro de Mendaña e Neira
(Illas Marquesas e Sta. Cruz)

CONSIGNA PARA IR AO SEGUINTE POSTO DE CONTROL

A SOLUCIÓN E BEN DOADA
SE VOS FIXADES NUNHA PALABRA


PROBA Nº 6

XEROGLÍFICO

Se o can ladra, este berra,
e se é castelán incluso “barrita”

L

NOTA — A
PREPOSICIÓN



Elefante

NOME DO EQUIPO: _____

CONSIGNA PARA IR AO SEGUINTE POSTO DE CONTROL

A SOLUCIÓN ATOPAREDES
SE NA REDE VOS METEDES

PROBA Nº 7


Os irmáns Álvarez Blázquez (Xosé M^a e Emilio) publicaron un libro que tiña un título relacionado con eles dous.

Debedes descubrir cal é o título do libro, o ano da súa publicación e o nome da colección á que pertence.

Título: _ **Poemas de Ti e de Min** _ _ _

Ano de publicación: _ **1949** _ _ _ _ _

Nome da colección: _ **Benito Soto** _



NOME DO EQUIPO: _ _ _ _ _

CONSIGNA PARA IR AO SEGUINTE POSTO DE CONTROL

LE A PROBA SEGUINTE CON DETENIMENTO
E SABERÁS ONDE IR NUN MOMENTO

PROBA Nº 8

TEATRO LIDO O CARTAFOL DE RUPERTO XOSÉ AGRO HERMO



Debedes ir ao Salón de Actos.

Alí, Sabela entregaravos un texto.

É un acto dunha obra de teatro que debedes representar.

Atoparedes material suficiente para caracterizarvos dos distintos personaxes.

Lembrede que é unha obra de teatro lido, non tedes que memorizar nada.

Tedes cinco minutos para prepararvos antes da representación.

O texto da obra de Teatro na Biblioteca Virtual Galega

NOME DO EQUIPO: _____

REGRAS DA XINCANA



1. Formaredes equipos de ata tres membros.
2. Todos os membros de cada equipo traballarán conxuntamente para acadar as respostas axeitadas a cada unha das 8 probas de que consta a xincana.
3. Haberá un profesor/a-comisario/a responsable de cada unha das probas.
4. Os comisarios/as estarán na biblioteca, na aula de informática 1 e no salón de actos, dependendo de onde se realicen as distintas probas.
5. Para resolver as distintas probas podedes utilizar a biblioteca, a aula de informática 1, o corredor onde está a exposición de Xosé M^a Álvarez Blázquez e o salón de actos.
6. Desenvolvemento da xincana:
 - O comisario 1 entregavos a 1^a proba.
 - Debedes resolvela e entregala coa resposta axeitada ao comisario da 2^a proba. Este comprobará que a solución é a correcta. De ser así anotará, xunto á súa sinatura, a hora de entrega e daravos a 2^a proba.
 - Debedes resolvela correctamente e entregarlla ao comisario da 3^a proba. Este comprobará que a solución é a correcta. De ser así anotará, xunto á súa sinatura, a hora de entrega e daravos a 3^a proba.
 - E así sucesivamente ata rematar as 8 probas da xincana.
 - Non se poderá pasar á proba seguinte mentres a anterior non estea resolta correctamente.
 - Non se pode abandonar a xincana antes de realizar a 8^a proba.
6. Gañará o equipo que antes remate correctamente as 8 probas.